

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012036	IES Gregorio Fernández	Sarria	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abrú novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo, adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da

música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O son e o silencio na música	Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita	5	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O son e o silencio na música	<p>activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.</p> <p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomarará o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	5	18	X		
2	As músicas do mundo	<p>A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia.</p> <p>Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas.</p> <p>A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia.</p>	30	20	X		
3	A música popular urbana	<p>Nesta unidade se abordará a transcendencia da música popular urbana occidental. As súas orixes, o contexto histórico-social onde xorde, as agrupacións e instrumentos máis característicos, os conceptos harmónicos propios así como a súa estrutura (intro-estrofas-retrosos-interludios-...), e algún dos estilos máis significativos desde os anos 50 ata os nosos días.</p>	35	33		X	
4	A música e os medios audiovisuais	<p>A música posúe unha especial vinculación cos medios audiovisuais. Entre os aspectos que se tratarán encontráanse: os tipo de eventos sonoros na radio, os pódcast, os tipos de voz na televisión. A música na publicidade: funcións, tipos e estratexias publicitarias, os formatos publicitarios. Os tipos de música no cine e as súas funcións; percorrido desde o seu nacemento ata os nosos días. A música nas redes sociais. A divulgación musical.</p>	30	34			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O son e o silencio na música	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	PE	40
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas da interpretación individual e grupal, instrumental (placas, frauta ou outros) e vocal (afinación) co uso da memoria rítmica e melódica, e a lectura de partituras.	TI	60
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Redactar breves comentarios sobre as audicións escoitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

Contidos

- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
2	As músicas do mundo	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Identificar visualmente os instrumentos e agrupacións traballadas na unidade 2.	PE	50
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Realizar un comentario onde se extraían as ideas principais dun discurso.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Formular unha pregunta de investigación relacionada coa unidade dous e contestar con corrección e perspectiva crítica.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar instrumental ou vocalmente pezas doutras culturas e improvisar con escalas pentatónicas, a partir dunhas pautas dadas na aula, aplicando tamén ferramentas tecnolóxicas na gravación final.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Participar de forma respectuosa e concentrada na práctica musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección polo menos dúas das pezas traballadas no trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
3	A música popular urbana	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Realizar un comentario crítico sobre os roles, estereotipos e convencións nas letras da música popular urbana.	PE	60
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identificar as pezas do repertorio galego e español estudado nesta unidade.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Realizar unha pregunta de investigación sobre a unidade e desenvolver a súa resposta.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Tocar os acordes básicos nun piano, guitarra ou ukelele que caracterizan á música popular urbana.	TI	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos das melodías traballadas na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Organizar un pequeno concerto: dinamización, publicidade, repertorio, programa, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos

- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	A música e os medios audiovisuais	34

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Redactar un texto con perspectiva crítica sobre un anuncio publicitario.	PE	60
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Identificar algunha das BSO máis significativas da historia do cine.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Amosar respecto ante a diversidade musical.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Realizar as prácticas de improvisación propostas dun xeito colaborativo.	TI	40
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na organización dalgún dos concertos propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.

Contidos

- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Por unha banda, a materia utiliza parte da metodoloxía práctica para os aspectos relacionados coa práctica instrumental/vocal ou a escoita e a apreciación de diferentes estéticas artísticas. Por outra banda, existen contidos de conceptualización e contextualización histórica onde é preciso facer uso da clase maxistral. Ademais:

- Promoverase a interacción en gran grupo e pequenos grupos para a realización de prácticas e tarefas diversas, que potenciarán a autonomía, responsabilidade, disciplina, colaboración, autoestima do alumnado.
- Nas diversas unidades, afondarase entre a relación da Música e outras materias.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: introductorias ou de presentación, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación, e de ampliación dos contidos, nos casos que sexa necesario.

En definitiva os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

AULA

Instrumentos musicais da aula.

Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio.

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual.

Fondos documentais, sonoros e visuais da biblioteca do centro.

O ALUMNADO deberá traer este material a las dos sesiones semanales:

·Libro de texto: Música IV. Michael R. Berg y Eva maría Tudela Calvo. Editorial Editex. ISBN: 978-84-1134-646-7.

·Libreta DIN A4. Un plástico con velcro/botón para guardar material achegado pola profesora. Dos bolígrafos (azules/negros). Un lápiz y una goma de borrar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial no 3º curso de ESO ten por obxecto descubrir os coñecementos musicais previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior. Estruturase en dúas partes:

1. Un texto con preguntas breves e a realización dun resumo. Avaliarase a capacidade de comprensión e síntese do alumnado, así como a caligrafía, ortografía e capacidade de expresión escrita.
2. Práctica instrumental en pequenos grupos e gran grupo. A través da observación directa e unha rúbrica, valorarase se o alumnado coñece os elementos básicos dunha partitura musical e a súa interpretación práctica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	30	35	30	100
Proba escrita	40	50	60	60	56
Táboa de indicadores	60	50	40	40	44

Criterios de cualificación:

A nota mínima para aprobar a materia é un 5 en cada trimestre. A nota da avaliación final obterase tras realizar a media aritmética das notas da 1.^a, 2.^a e 3.^a avaliación.

A nota de cada avaliación parcial obterase trala ponderación dos seguintes aspectos:

- **PROBAS ESCRITAS.** Un 40% provirá das probas/actividades escritas dos contidos trimestrais (exames, proxectos, tarefas na aula virtual). Como mínimo se realizará unha proba baseada nos obxectivos e contidos das unidades didácticas abordadas durante o trimestre. No caso de haber varias, ponderarase cada unha delas segundo a súa importancia.

Tamén pode darse o caso de que un proxecto escrito deba expoñerse oralmente. Esta parte avaliarase mediante unha rúbrica de corrección.

A profesora corraxirá as probas escritas e outorgará unha nota numérica.

- **TAREFAS ESCRITAS NA LIBRETA.** Un 10% provirá das tarefas realizadas na libreta (apuntamentos, exercicios de clase ou para casa, redaccións, comentarios de audicións, etc.). Corraxirase a través da "rúbrica de corrección de libreta" (estar coidada e ser facilmente identificable; os contidos deben ser lexibles respectando as normas de ortografía; é preciso que conteña a data de cada anotación e a unidade na que se está a traballar; deben poder diferenciarse os títulos, subtítulos do corpo de texto valorarase positivamente os apuntamentos de xeito voluntario);

Os materiais entregados pola profesora (resumos, partituras, fichas) deberán estar recollidos no sobre de plástico (identificado co nome e materia), cada folla con data e nome, e organizados cronoloxicamente; todo este material debe estar a disposición da profesora.

O esquecemento de máis de un día por trimestre dos materiais (libro-libreta con plástico) implica unha nota negativa (-0,1 p.)

- **A PRÁCTICA INSTRUMENTAL:** 40% da nota da avaliación. Avaliarase mediante táboas de indicadores e/ou rúbricas. Teranse en conta as seguintes categorías: precisión rítmica, melódica, harmónica, calidade do son, concentración, interpretación grupal, entre outros posibles aspectos.

En xeral, practicarase en gran grupo, pero tamén realizarán prácticas en pequenos grupos ou individualmente.

- **A ACTITUDE:** 10% da nota da avaliación. Valoraranse aspectos tales como a participación activa do alumnado nas tarefas propostas escritas/prácticas, a forma de dirixirse e tratar ás compañeiras/compañeiros e a profesora, se pregunta e sinte curiosidade por aprender, a puntualidade, realiza propostas de actividades ou ideas para realizar na aula na casa de forma voluntaria (cada proposta desde +0,1 ata 1 punto), a participación nos concertos programados.

Os aspectos negativos de actitude contarán como (-0,1 ata -1 punto).

Este apartado forma parte dos obxectivos mínimos para superar a materia. Avaliarase mediante táboas de indicadores e/ou rúbricas.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 1.^ª, 2.^ª e/ou 3.^ª avaliación realizará unha proba baseada nos contidos mínimos para acadar os obxectivos mínimos establecidos no 3.^ª trimestre. Consistirá nunha proba de tipo escrito para os contidos teóricos, e/ou unha proba de tipo práctico para os contidos prácticos, que terá en conta os criterios de avaliación non superados polo/a discente.

-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN das actividades dos contidos teóricos e prácticos:

A nota acadada nestas probas non poderá ser superior a 6, posto que se trata, como xa se dixo no parágrafo anterior, dunha proba de mínimos. Posteriormente, procederase a realizar a media ponderada para acadar a nota da avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Ofreceranse diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas. O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións. Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción. Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X

Observacións:

contidos teóricos.

- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase a través das actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traxallo en equipo, emprendemento social e empresarial: actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: inclusión nos contidos históricos da casuística especial na historia das músicas a través de diferentes casos de estudo: Hildegard von Bingen, Fanny Mendelssohn e Elizabeth Maconchy.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc	X		X
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo	X	X	
Participación no festival Musiqueando	Festival musical no que participan distintos centros de todo o país, con concertos escolares na rúa e actividades en rede.			X

Observacións:

O Departamento de Música do IES Gregorio Fernández entende a importancia da realización de actividades complementarias e/ou extraescolares para a formación global do alumnado. Por todo isto, algunhas das actividades propostas inténtanse vincular cos diferente departamentos do centro e, tamén, con outros proxectos que se leven a cabo ao longo do curso escolar, como por exemplo os relacionados coa Biblioteca Fiz Vergara Vilariño.

O Departamento de Música está pendente da oferta artístico-musical, e polo tanto, tamén das datas e horarios, promovida polas seguintes institucións:

- Asistencia aos concertos didácticos organizados polo Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela ou os ofertados polo Concello da Coruña en colaboración coa OSG.
- Asistencia a concertos de divulgación musical ou de interese didáctico en Lugo.
- Concerto didáctico de órgano en Celanova, que ademais pode incluír outras visitas como do Castro, ou á Casa dos Escritores.
- As saídas culturais promovidas polo Concello de Sarria.
- Calquera outro tipo de actividade artístico-musical promovido na Comunidade de Galicia que incentive o interese musical no alumnado tales como por exemplo:
 - Visitas a un estudo de televisión, ou na súa falta, a un estudo de gravación ou un radiofónico.
 - Exposicións que xurdan ao longo do curso e que poidan resultar de interese para a materia.
 - Tamén sería posible aproveitar outras saídas de tipo histórico cultural para explicar relacións posibles coa etapa musical estudada. (Por exemplo, a polifonía do século XII en Santiago de Compostela).
 - Realización de concertos nalgunhas das datas sinaladas do centro.
 - Realización de microconcertos nos recreo na biblioteca.

Polo de agora pódense concretar as actividades para as que se solicitou asistencia:

DESTINATARIOS

ACTIVIDADE E TEMPORALIZACIÓN

Ensaio xeral da OSG o venres 1 de decembro para 4.º da ESO

3.º e 4.º de ESO (24 alumn@s)

Pleasure island. Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. 25 de abril ás 11:00h. [Actividade que nos concederon] para 3.º y 4.º da ESO.

Finalmente, cabe salientar que o alumnado, que non cumpra as normas de convivencia na aula e/ou non centro, non será levado a ditas actividades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado, Mal ou Non acadado, Regular ou Mellorable
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado, Mal ou Non acadado, Regular ou Mellorable
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado, Mal ou Non acadado, Regular ou Mellorable

Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado, Mal ou Non acadado, Regular ou Mellorable
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado, Mal ou Non acadado, Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Os aspectos para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos ou se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativo e cuantitativos.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os aspectos anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación utilízase unha táboa de indicadores considerando a avaliación dos aspectos expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses aspectos o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento faranse as propostas de mellora. Dito seguimento realízase anualmente sempre e cando, non se observe a necesidade antes. Os cambios introducidos na programación realízanse a través da aplicación PROENS ao final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados